



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Proxecto	Mellora da pavimentación do viario de comunicación entre Freixeiro Iglesia-A Illa-Castropombo-Portocarreiro. Santa Comba.
Plan	Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos).(Plan único de concellos) POS+ 2023. Anualidade 2023 (POS+2023 AD2)
Código obra	2023.2102.0419.0
Orzamento	404848,01 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLACSP)	2023/C003/000005. Data:
Expte. electrónico	2023/C003/000005
Procedemento	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
Tramitación	ordinaria
Mesa de Contratación	Nomeada no decreto da alcaldía núm. 1263/2024 do 16/08/2024

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 1

Tipo de sesión: ordinaria

Data: 4 de outubro de 2024

Hora de comezo: 15:16 h

Hora de remate: 15:38 h

ASISTENTES

- Pablo Negreira Souto, concelleiro de Obras e Servizos, Urbanismo e Mobilidade, presidente
- Cristina Alonso Losada, secretaria xeral, vogal primeiro
- Francisco Javier Ulloa Arias, interventor municipal, (en comisión de servizos PR da DXAL do 18/01/2024), vogal segundo
- Evaristo Lois Rama, funcionario axunto a secretaría, como secretario da mesa, con voz e sen voto

ORDE DO DÍA

- 1 Constitución da mesa de contratación
- 2 Apertura e cualificación da documentación administrativa (Sobre A)
- 3 Apertura, se procede, dos criterios baseados en xuízos de valor (Sobre B)
- 4 Rolda de intervencións

O interventor municipal en acumulación de funcións asiste e exercita o dereito de voto por medios telemáticos.



Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Xunto coa convocatoria foron distribuídos os pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), e a relación das persoas licitadoras que formularon ofertas a través Plataforma de Contratación do Sector Público, (en diante PLACSP)

Foi comprobado polos membros da mesa a identidade das persoas licitadoras neste procedemento de contratación e con carácter previo á apertura da documentación administrativa, (Sobre A), todos e cada un dos membros da mesa declaran non atoparse nunha situación de conflito de interese con respecto ao dito procedemento, por non ter nin directa nin indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que poida comprometer a súa imparcialidade e independencia no contexto deste procedemento.

Así mesmo declaran que porán en coñecemento da persoa titular do órgano de contratación, sen dilación ningunha, calquera situación que durante o transcurso do procedemento puidera dar lugar a conflito de interese.

Foi aberta a sesión, non pública, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.

DEBATE E ACORDOS

1. Constitución da mesa de contratación

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, acordou constituír a mesa de contratación específica para esta obra.

2. Apertura e cualificación da documentación administrativa (Sobre A)

A relación de persoas licitadoras que presentaron oferta a través da PLACSP:

Persoas licitadoras	NIF	Data presentación PLCASP
<u>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL</u>	B15293145	11-09-2024 13:44
CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	B15261308	11-09-2024 16:43
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L.	B70134143	10-09-2024 14:47
HORDESCON, SL	B32108334	11-09-2024 13:18
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	B36494185	11-09-2024 13:20

O presidente ordena abrir os sobre A: *documentación*.



O secretario da mesa descifra, abre e descarga.

A documentación foi analizada e examinada polos membros da mesa.

Compróbase que todos as persoas licitadoras presentan a documentación requirida no PCAP:

Persoas licitadoras	DEUC Formulario	Compromisos e declaración Anexo VII
<u>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL</u>	X	X
CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	X	X
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L.	X	X
HORDESCON, SL	X	X
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	X	X

En caso de empate, no anexo VII constan estes datos:

Persoa licitadora	Número global de traballadores	Número particular de traballadores con discapacidade	% que representa e / % superior mínimo legal establecido	% porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade	% porcentaxe de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da contratación
	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.1)	Anexo VII (3.2)	Anexo VII (3.3)
HORDESCON, SL	18	0	0,00	0,00	0,00
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L.	5	0	0,00	0,00	0,00
CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	9	0	0,00	0,00	0,00
<u>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL</u>	71	1	1,41	1,41	0,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	31	0	0,00	0,00	0,00

Foi acreditado que as persoas licitadoras, no que atinxe ao Documento Europeo Único de Contratación, (en diante DEUC) e demais compromisos e declaracións, (anexo VI), que inclúen no sobre A está correcta e conforme ao disposto no PCAP que rexe esta contratación:

As persoas licitadoras que formulan o DEUC e os compromisos e declaracións manifestan que reúnen todos os requisitos de capacidade, representación e solvencia esixibles conforme o PCAP, comprometéndose a achegar os documentos que o xustifican para o caso de ser propostos persoas adjudicatarias do contrato.

De acordo con indicado, a mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

1 Declarar admitidas estas proposicións:

Persoas licitadoras
<u>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL</u>
CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.



EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L.
HORDESCON, SL
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

- 2 Publicar este acordo na PLACSP.
- 3 Comunicar ás persoas licitadoras na PLACSP.
- 4 Notificar este acordo á persoa licitadora mediante a PLACSP.

3. Apertura, se procede, dos criterios baseados en xuízos de valor (Sobre B)

O presidente ordena abrir os sobre B que contén as referencias técnicas e propostas suxeitas a avaliación previa pola persoa técnica designada polo órgano de contratación.

O secretario da mesa descifra, abre e descarga os documentos.

A documentación foi analizada e examinada polos membros da mesa.

No sobre B, as persoas licitadoras presentan estes documentos:

Persoas licitadoras	Programa de traballo	Actuación ambiental	Plan de control de calidade	Esquema do plan de seguridade
	12.B.1)	12.B.2)	12.B.3)	12.B.4)
<u>CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL</u>	Si	Si	Si	Si
CTNES. J. MAURI E HIJOS, S.L.	Si	Si	Si	Si
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L.	Si	Si	Si	Si
HORDESCON, SL	Si	Si	Si	Si
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L	Si	Si	Si	Si

Logo de revisar a documentación, a mesa considera que é correcta.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación os documentos que incluíron os licitadores admitidos nos arquivos ou sobres electrónicos sobre B: apartado subtítulo *Referencias Técnicas, criterios non avaliados de forma automática mediante fórmulas*, para valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adjudicación non avaliados de forma automática.

No expediente quedan todas as propostas presentadas.

4. Rolda de intervencións

No se realiza intervención ningunha.



Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)

O presidente da mesa

Pablo Negreira Souto